

LIBROS

Reseña elaborada por M^a EUGENIA LÓPEZ DE SILANES

QUÍMICA BIOINORGÁNICA
Casas, J.S., Moreno, V.
Sánchez, A., Sordo, J.
Editorial Síntesis. 2002



No Nº 54 deste Boletín Serxio Casas sorprendíanos co interesantísimo artigo "Fixación do nitróxeno: Haber versus nitroxenasa" e, entre a bibliografía, presentaba un libro da súa autoría, do que, hoxe, fago esta reseña.

Cómpre saudar efusivamente a publicación deste libro realizado, entre outros, por Serxio Casas e Pepe Sordo, profesores de moitos dos que estades a leer estas liñas.

O libro ofrece unha visión ampla da química bioinorgánica cun prantexamento que vai máis aló da bioquímica dos elementos esenciais. O tema é moi interesante para cantos químicos, biólogos, médicos..... e científicos en xeral, queren coñecer o estado da cuestión desta área de coñecemento.

Os capítulos están escritos cunha linguaxe clara, ilustrados con excelentes esquemas e figuras e utilizando unha bibliografía completamente actualizada. Sirva o seguinte resumo para dar conta deste libro de 343 páxinas.

RESUME DO ÍNDICE

Elementos inorgánicos nos sistemas biolóxicos. Bioquímica do zinc. Bioquímica do ferro I. Transporte e almacenamento do ferro e do dióxixeno. Bioquímica do ferro II. Transferencia electrónica e procesos enzimáticos redox. Bioquímica do cobre: Transporte de dióxixeno e funcións redox. Bioquímica do molibdeno e do volframio: Oxotransferasas e nitroxenasas. Bioquímica do manganeso: Fotosíntese. Bioquímica do cobalto: Vitamina B12. Papel biolóxico dos elementos dos grupos 1 e 2. Biomineralización. Introducción á toxicoloxía metálica: Cd, Hg e Pb. Compostos metálicos en terapia e diagnóstico.